

## A REVOLUCIÓN DENTRO DA REVOLUCIÓN. IMAXES RADICAIS PARA POLÍTICAS RADICAIS

Brody, Richards (2016): “The Political Science Fiction of “Born in Flames” en The New Yorker a 19 de febreiro do 2016. Accesible en <<https://www.newyorker.com/culture/richard-brody/the-political-science-fiction-of-born-in-flames>>, consultado a 3-3-2018. AVISO: contén spoilers.

É duro facer un filme independente, pero era aínda máis difícil e o elemento de dificultade –o sentido en que unha película tiraba violentamente de circunstancias recalcitantes e facía presión para existir na urxencia da rabia e a forza das ideas-outorgáballe un pracer empoderante ao filme de Lizzie Borden de 1983 *Nacidas nas chamas*, que hoxendía (a 25 de febreiro [do 2016]) sae no Antology Films Archive nunha copia restaurada de 35-mm.

Antes de constituírse o “indie” como marca, adoitaban chamalo cine de guerrilla, e en *Nacidas nas chamas* a sensación de filme agromando da furiosa paixón da súa cineasta- levoulle cinco anos de momentos roubados a Borden facelo- fúndese coa materia do filme. É unha sorte de política-ciencia ficción emprazada nun futuro sen especificar que semella idéntico ao tempo no que foi feita, no que – dez anos despois da “Guerra Socialdemócrata de Liberación”, unha revolución socialista pacífica-, as fracturas baixo a superficie das novas políticas saen á palestra, e as mulleres de Nova York traman una revolución dentro da revolución.

Esas fracturas son desigualdades espidas de xénero, raza e clase, e o esforzo das mulleres por combatéreno vai nas dúas direccións: cultural e militar. Mesmo unha descrición da historia reflicte a excitación apaixonada e a enerxía imaxinativa que liga a política do filme coa súa arte. Mentres as mulleres sobreviven ás guarradas dos homes pola rúa e miradas lascivas e sarcásticas dos locutores de radio, Borden evoca unha auténtica revolución cultural encarnada por competentes estacións de radio underground feministas: Phoenix Radio, conducida por Honey (interpretada pola actriz do mesmo nome), e Radio Ragazza presentada por Isabel (Adele Bertei). Entre tanto, o maltrato físico ás mulleres segue sen cesar, e Borden dramatiza o desenvolvemento dun exército de mulleres que conduce a través da cidade en bicicletas para protexer mulleres dos violadores e o metro para as protexer contra o acoso.

A líder do Exército de Mulleres é unha activista negra, Adelaide Norris (Jean Satterfield), que traballa cunha teórica maior, Zella Wylie (interpretada pola activista e escritora Flo Kennedy). A visión que Zella ten do movemento é global, táctica, e (cando é necesario) violenta, e con ela como guía Adelaide implicase na revolución das mulleres no Sáhara Occidental. En canto regresa a Nova York, Adelaide morre baixo custodia policial; a súa morte etiquétase oficialmente como suicidio, mais outras compañeiras do movemento están seguras de que foi asasinada, e buscan o xeito de desenmascarar o encubrimento.

Entre tanto, as noticias das radios e televisións, dominadas por directores e produtores varóns, dan conta moi escepticamente do que pasa co Exército das Mulleres, e os esfrozos polos dereitos das mulleres. Un programa de traballo para persoas desempregadas en obras públicas dispara o conflito entre homes e mulleres, entre branxas e negrxs. Mais na prensa, tres mulleres xornalistas (unha delas encarnada por Kathryn Bigelow) no *Socialist Youth Review* quitanlle importancia ao comezo ao movement “separatista” e ás reivindicacións de mulleres activistas en favor da ostensiblemente universal causa do socialismo, até que a súa propia sospeita de encubrimento do asasinato de Adelaide as leva ao conflito co seu editor e co propio partido.

Nova York ten un alcalde negro chamado Zubrinsky, os Estados Unidos teñen un presidente socialista chamado Metzger, mais, do mesmo xeito que a industria da comunicación oficial socialista se amosa indistinguible da empresarial, as políticas do partido socialista se amosan inflexibles e ríxidas coma as dos tempos capitalistas, e, con Zella á fronte, as mulleres levan ao cabo accións directas e violentas para acabar con ambos os dous.

Borden constrúe este drama social a grande escala coma un collage, con falsas novas e debates, metrxa documental ficcionalizada, Cintas de vixilancia policial e os comentarios dos oficiais sobre elas, protestas e enfrontamentos, reunións organizativas e sesión de estratexia, olladas fóra de cámara a quen dá as noticias, Isabel e Honey en directo na radio, actuacións musicais, e una ollada íntima á vida privada en

# SESIÓN ESPECIAL PREVIA Á FOLGA FEMINISTA

tempos de conflito. Demostra ser una cineasta máis imaxinativa e de miras máis longas que moitas celebradas figuras de Hollywood, porque é quen de ver o argumento desde un vasto rango de perspectivas e circunstancias, incluíndo aquel que palpablemente mira con hostilidade. O sentido en que Borden constrúe unha historia, e como a realiza en imaxes e sons, é tan radical coma a política social que ela defende.

O que hai nos seus filmes de cru, de bruto, non é nada preciso; os primeiros planos cortantes con luz que contrasta teñen unha solidez escultural áspera, e a simplicidade coa que se confrontan as imaxes evoca una estraña mestura de furia e análise, afirmación e cuestionamento. O esquerdismo, como afirma Borden, non é abondo; unha revolución política, para ter algún efecto profundo, debe ser unha revolución das ideas e actitudes, una revolución cultural e íntima que envolva os medios e as artes – e da que *Nacidas nas chamadas* en si mesma é un exemplo.

Borden aplica as regras de Jean Renoir n'*A regra do xogo*: “A cousa terrible da vida é que cadaquén ten as súas razóns”. Coma Renoir, Borden dálles a esas razóns raíces orgánicas por medio das personaxes –non por medio do guión desas personaxes ou das intencionadamente psicolóxicas actuacións do elenco, senón polo temperamento persoal e atributos que se revela nas floridas ou rochosas personalidades do elenco. O filme é un brillante festín de actuacións, ou, mellor, de actuantes e dos seus estilos, cheos dun vívido rango de expresións e inflexións, tons e temperaturas, que ameazan con estourar a través da retórica audiovisual do filme non menos que a través da súa narrativa estritamente definida, mais mediante construcións políticas.

Esta explosión no filme de performance política inclúe o título dunha canción –un himno de rock melismático<sup>1</sup> que é unha imperecedora melodía pegañenta- e numerosos musicais coma o da sesión improvisada maliciosa e de Bertie cunha banda de estudio ou o rap de Honey -coma encantamentos rimados desde o seu estudio de radio underground – nos micrófonos. Os tons estéticos do filme son á vez representativos politicamente e desinhibidos; é a través dos grandes logros de Bordens que ela evita o camiño doutrinario da defensa de miras estreitas, e, enfocando toda a súa furia, fai un filme de visión ampla e curiosidade, un inquérito documental virtual nos seus propios soños progresistas.

*Nacidas nas chamadas* é un filme do seu propio momento. Coa súa mestura de análise precisa e ton frenético, é unha cápsula do tempo dun período cru e turbulento na cidade, e as súas tensións políticas parecen nacidas no espertar do colapso financeiro e nun sentido de desorde do que Borden deriva a súa propia narrativa dominante, unha ben máis rica e máis profunda que a mera defensa do cambio político e económico. Como no documental do 2014 *She's Beautiful When She's Angry*, sobre o feminismo nos últimos anos 60, representa a subordinación das mulleres nos movementos de nova esquerda, así *Nacidas nas chamadas* suxire a ineficiencia dun radicalismo que se restrinxa ao político. Como o documental suxire, novas formas de vision creativa emerxen das demandas, xustas e necesarias, das mulleres. Por iso a libre, ardente e espontánea creatividade de *Nacidas nas chamadas* emerxe como un indispensable modo de cambio radical -un que moitxs cineastas que se din políticxs teñen aínda que asimilar.

Sobre este filme tamén é de interese consultar “Born in flames”, en *Heresies* 16, vol. 4, núm. 4., 1983, páxinas 14-18. Accesible en < <http://heresiesfilmproject.org/wp-content/uploads/2011/09/heresies16.pdf>>.

## “DETERSE, DESACTIVAR, DESPRAZAR, FUXIR E LEVAR, INTERROMPER E OBSTRUIR”. ESTE 8M PARAMOS

**Vega, Cristina (2018): “Del otro lado de la huelga del 8M: Visualizando la interrupción social desde el feminismo”, en [Nodo50.org](http://nodo50.org), a 28 de febreiro do 2018. Accesible en <<https://info.nodo50.org/Del-otro-lado-de-la-huelga-del-8M.html>>, consultado a 28 de febreiro do 2018.**

Moitas das chamadas “folgas xerais” non foron tal, e hoxe podemos entender a súa parcialidade. De igual modo, moitas das folgas que se deron no mundo non entraron no canon ao non ser suficientemente intelixibles respecto da paradigma da folga produtiva. Pero aí non acaba todo. Se revisásemos a historia das folgas veríamos esvaecerse perigosamente o imaxinario que con frecuencia as arrodea: un aguerrido grupo de homes parando a produción no espazo de traballo para obter mellores salarios e condicións de traballo. Como lembraron Asade Haider e Salgar Mohandesi (2015) [1], moitas folgas articuláronse ao redor de elementos que rodeaban a vida da clase traballadora que non concernían directamente á produción; aspectos como a salubridade, a vivenda, a carestía e falta de acceso aos alimentos, e aínda a outros como a seguridade fronte á violencia sexual, as garantías de aborto e embarazo, o acceso á saúde, a posibilidade de lactar, a dignidade de quen non son recoñecidos como “traballadores”, o salario para o traballo doméstico, as ameazas bélicas ou o acceso ao espazo ou a infraestruturas clave como unha estrada ou o tendido de auga ocuparon un lugar significativo nas mobilizacións da clase obreira.

Todas estas cuestións articularon incontables folgas, máis das que imaxinamos. Podemos seguir cos cuestionamentos. Boa parte dos paros non se produciron nos espazos laborais senón por fóra, nos barrios, nas rúas das cidades ou polas estradas que unen comunidades. E aínda moitos máis non foron protagonizados por empregados, é dicir, mulleres e homes asalariados, senón polas súas parellas, os seus fillos e en xeral os seus veciños e aliados. En moitos lugares, dada a marxinalidade do mundo salarial, os perfís do paro desdebúxanse ou mestúranse con tomas, levantamentos e accións que moitos non considerarían folgas nun sentido estrito. Todo isto, para moitos, afástase do que mobiliza auténticamente unha folga: o traballo, pero é xustamente o traballo, o que se acha baixo o mando capitalista, e todo o que o atravesa o que está a ser seriamente reconsiderado. Sen dúbida, unha mirada atenta sobre a folga arroxa incontables novidades que nos poden axudar a dimensionar o que hoxe expoñen e organizan algúns feminismos en distintas partes do mundo: unha escalada das loitas de reprodución que nos aproxime a unha folga auténticamente xeral. De momento, a escalada interpela a quen habitaron as marxes das folgas produtivas: as mulleres, mulleres non asalariadas ou precariamente asalariadas, mulleres que asumiron maioritariamente os traballos de sostemento e coidado. Pero a cousa podería ir moito máis alá: nenas e nenos, xubilados, agricultores familiares ou de subsistencia, estudantes, desempregados, poboación sen salario, sectores “improdutivos”, autónomos semidependientes... Ese inmenso mundo que está por fóra ou nos bordos da vida con salario pero cuxa existencia depende do ingreso, das condicións nas que se produce e son expropiados o territorio, a contorna e os medios de vida.

Aproximémonos entón brevemente, en termos visuais, a cinco folgas (pondo o de folga un pouco entre parénteses) para ver que arroxa esta mirada.

<sup>1</sup> Melisma (do grego μέλισμα) é a técnica de cambiar, na mesma sílaba, de nota musical mentres se canta (N. da T.).

En *Between Babies and Banners: Story of the Emergency Brigade* (1979)[2], Lorraine Gray recolle a experiencia feminina na soada folga que se librou na factoría de Flint en Michigan a finais de 1936 e comezos de 1937. As demandas tiñan que ver coa intensificación da produción, a regulación da xornada e o salario e a represión sindical. Un clásico que os relatos das mulleres permite comprender baixo un novo prisma. A súa participación foi reseñable a pesar de que se trataba na súa maioría de amas de casa e esposas dos obreiros desta enorme cidade da General Motors. O peche dos homes na mítica planta 4 da Chévrolet contrasta co ir e vir das mulleres. Moitas asumiron o aprovisionamento e a cociña, tan necesaria para a supervivencia da folga, e outras, como Gerona Dollinger, resistírona: “Hai moitos homes fracuchos que non son quen de pararse firmes, marchar e ir cara aos piquetes e poden pelar patacas tan ben coma nós”[3]. Estas esposas de obreiros puxéronse á fronte da estratexia política e da autodefensa física da planta a través da Women’s Auxiliary Brigade. Os seus fillos e fillas socializáronse na folga, nos comedores, as cociñas e as liñas do piquete durante máis dun mes, mentres que as mulleres toleaban unha e outra vez á policía coas súas interpelacións femininas e enardecían á poboación coas súas propostas e a súa creatividade.

Do mesmo xeito que outras folgas industriais, esta revelaba un universo rico que desordenaba o que con tanta insistencia a liña e o fogar obreiro aínda estaba a tratar de homoxeneizar, escindir, disciplinar e moralizar. A fábrica, a rúa, a cociña, os comercios, as asembleas, a comunidade... Todo se amarraba segundo ía avanzando o conflito e as mulleres ían chamando a máis e máis actores a escena. Gerona conta que cando venceron, disparando a sindicalización e o conflito máis aló dos confíns de Flint, os homes dixéronlles que era tempo de volver a casa, que durante todo ese tempo amoreárase a roupa. Moitas regresaron, pero nunca quitaron as súas boinas vermellas, e seguiron vinculadas ao sindicato. A pegada que deixou o outro lado da folga quedou sementada, do mesmo xeito que a capacidade de pensar a acción en termos de toda unha comunidade. A idea de desprazar a reprodución ao centro do campo de batalla, como un facer conxunto e doutro xeito, estivo presente en non poucos conflitos laborais. Quizais non sexa tan común nos relatos ou non forme parte dos arquivos, pero é, sen dúbida, parte dun acumulado histórico feminino.

A segunda folga non é menos reveladora e tamén existe un documento visual que a recolle: *Les Prostituées de Lyon parlent, de Carole Roussopoulos*[4]. En 1975, as prostitutas de Lyon abandonan o traballo e ocupan a igrexa de Saint-Nizier para denunciar a fustigación policial, as extorsións, os abusivos requirimentos fiscais, o encarceramento e a estigmatización social[5]. Pouco antes desta acción, tres compañeiras foran asasinadas. A toma prodúcese tras varios simulacros de mobilización e conta co apoio previo dos mozos católicos (o Nid) e, despois das feministas. Máis de cen mulleres, a nome de María Magdalena, a muller que unxiu os pés de Xesucristo, apoderáanse da igrexa; o cura négase a expulsalas e o xesto é replicado noutras cidades. A vulgar polas imaxes dos exteriores, a súa presenza convértese en algo verdadeiramente inaudito para unha sociedade que de súpeto as visualiza e, máis importante aínda, escóitaa polos altafalantes denunciando as súas condicións de traballo, as extorsións ás que ven sometidas e os efectos que todo isto ten sobre elas e as súas criaturas: “Os nosos fillos non queren ver como as súas nais son encarceradas”.

O dereito á cidade e á rúa, a ver e ser vistas, a encerrarse e demostrar que saír equivalía a ser arrestadas converteuse nun modo de explicar publicamente a vida dun grupo previamente cohesionado por mor da represión. Carecían ata a data de experiencia neste tipo de accións, así como de práctica de interlocución coas autoridades civís e relixiosas. Tras esta parada con peche, que en Lyon durou unha semana, canceláronse varias sentenzas de prisión e relaxouse por

un tempo a represión.

É difícil medir o impacto da folga, tanto para as prostitutas como para o imaxinario social dominante, pero o certo é que a toma da palabra e a aparición pública destes corpos, entreverados cos corpos e linguaxes das súas aliadas, descolocou os lugares habituais das mulleres, cuxa actividade e condición parecía totalmente allea ao mundo do traballo, ao funcionamento regular da sociedade, ás xentes de ben e ao común das mulleres oprimidas reclamadas polo feminismo. Evidentemente, o paro e os reclamos apoiado por sectores abolicionistas tiñan que ver co desempeño nunha actividade considerada como non traballo, como traballo informal (por servizo) e como algo impropio (pero útil). Sen dúbida, o compoñente de dignificación resultaba nun aspecto crucial; parar foi neste caso facerse ver/ouvir, saír á superficie. Aínda que o comercio de rúa, o traballo doméstico ou a reciclaxe non resulten equivalentes, comparten coa prostitución algúns elementos que tornan estraña a folga; á fin e ao cabo, que se “gaña” parando?, que se interrompe?, que se reclama exactamente? Como así a folga cando o ingreso é ao día?

A terceira folga tamén tivo lugar na década dos 30, nesta ocasión en Ecuador; aí estaban Dolores Cacuango e Tránsito Amaguaña. As imaxes que se conservaron delas axúdannos a estimar a súa porte e valentía[6]. Estas mulleres indíxenas encabezaron o levantamento da comunidade huasipunguera de Cayambe previo á formación da Federación Ecuatoriana de Indios en 1944. Dúas importantes folgas sucedéronse en 1930 e 1931 nas facendas de Pesillo, A Chimba, Moyurco e San Pablo Urco. A situación de servidume por débedas é coñecida, semellante á que se dá noutras rexións. Algo singular destas folgas foron a dirixencia e o protagonismo femininos. Ademais de falar de demandas laborais, antes mesmo de que cobrase forma o chamado á reforma agraria, as mulleres interpretaron a dominación nun sentido complexo mobilizando elementos que tocaban a reprodución e a sexualidade baixo o réxime gamonal.

En primeiro lugar reclamouse a remuneración das mulleres, cuxo traballo non contaba. Segundo, formulouse a negativa a prestar servizos persoais por parte de mulleres e nenos na casa facenda; isto equivalía a unha obrigación natural, tan natural como o ser cominadas a aleitar aos bebés dos facendados á conta da vida dos propios, como se narra en *Huasipungo*, a estremecedora novela de Jorge Icaza. O prego que acompañou a folga recollía tamén o rexeitamento á obrigación sexual das mulleres respecto dos patróns, as violacións sistemáticas, así como o dereito ritualizado destes a usalas sexualmente antes que o marido. De igual modo faláron da destrución das súas vivendas e animais, de todo aquilo que permitía a súa precaria reprodución, sempre suxeita á débeda, ao goberno discrecional dos capataces e aos escuadrós do exército. Unha das demandas da folga en Pesillo era que se abrise unha escola en Pucará. As alianzas coa esquerda urbana mestiza, particularmente entre mulleres e feministas, Dolores xunto a Nela Martínez e María Luisa Gómez da Torre, posibilitaron na década de 1940 a creación das escolas bilingües. Como na folga de Flint, as mulleres atenderon esta cuestión e en xeral o benestar das mulleres alentando as súas capacidades de participación social e política e as das novas xeracións a través de escolas de formación. “Non só loitamos pola terra e un bo trato”, dixo Tránsito nunha ocasión. Folga, fuga, levantamento, asalto á casa facenda, marchas? En palabras de Dolores, “Todiño loitouse”, e todiño deu forma a unha concepción da loita que situaba no centro a reprodución social e cultural.

As folgas de sexo, a cuarta experiencia, foron moi importantes en África, pero tamén se libraron noutros lugares do planeta, tanto contra réximes autoritarios, a favor das liberdades civís e políticas ou contra a guerra, como para garantir o sostén fronte á extracción. Unha das máis destacadas é a que protagonizaron as “mulleres do mercado” en Liberia

en 2003. *Pray the Devil Back to Hell* (2009), de Gini Reticker e Abigaile Disney[7], narra a historia destas mulleres e de Leymah Gbowee, do Women's Peace Building Movement, premio Nobel da Paz en 2011. Conta Gbowee que tivo un soño, e ese soño era a paz para Liberia tras varios golpes militares, réximes autoritarios, militarización xeneralizada e dúas guerras civís feitas de enfrontamentos tribais orixinados na formación mesma desta nación. Para ela, "as mulleres do mercado" estaban chamadas a mobilizarse desde as igrexas cristiás uníndose ás musulmás; primeiro porque coñecían aos combatentes, pero tamén porque eran moitas, movíanse constantemente dun lado para outro coa mercadería, incluso transportando armas nos seus fardos. Sabían cando viña a guerra e como ía ser o enfrontamento; sabían o que custaba gañarse o pan e correr polas súas vidas, coñecían o que era sufrir a violación das súas fillas e ver aos seus fillos armados, e estaban fartas da situación. Estas traballadoras, explica Gbowee, podían mellor que ninguén reunir o valor de parar todo aquilo co fin de custodiar un futuro mellor. As mulleres vestiron camisetas brancas en nome da paz e lanzaron unha folga de sexo que interpelaba directamente aos homes, ao armados pero tamén aos que se mantiñan en silencio, á vez que apuntaba ao goberno e aos señores da guerra.

O paro de sexo subliñaba a potencia e vulnerabilidade do corpo, a súa capacidade para producir pracer, dor, procreación, resguardo, desexo. A súa efectividade non sempre resulta, pero a súa forza simbólica é enorme. Ao fin e cabo, se o corpo das mulleres se detén é que algo anda realmente mal. Claro que os seus corpos non se detiveron; enfrontaron directamente ao sanguinario presidente, Charles Taylor, e interpuxéronse á saída de delegados das conversacións de paz en Ghana. Cando as quixeron expulsar fisicamente elas ameazaron coa peor das maldicións: enfrontar o corpo espido da nai ou a muller maior (equivalente á propia nai), que nun xesto deliberado queda ao descuberto; os homes non poden saír indemnes. Varios atropelos contra mulleres en loita en varios lugares en África, de forma notable en Nixeria na década de 1980, desencadearon este irreversible xesto. A rabia extrema ao ser pisadas na súa dignidade expón a vulnerabilidade da súa poderosa corporalidade. A abominación vólvese contra quen a suscita, que no seu acto de abuso revela a súa covardía e baixeza moral, quedando así profundamente debilitado. Tal e como lembra Gbowee, esa é a maior dor que pode sentir unha muller, e cando algo así ocorre, cando a vulneración é de tal magnitude que desencadea a maldición, o efecto é que todos os presentes vólvense cara a si e pregúntanse: pero, que fixen?, como puiden (pudemos) chegar ata aquí?

Tanto a loita contra réximes corruptos e violentos como, de forma simultánea, a loita contra a precarización da existencia levaron a moitas mulleres a chamar a folgas de sexo (nalgúns casos tecidas coas prostitutas). En 2011, a comunidade afro-descendente de Barbacoa en Colombia protagonizou un caso revelador para América Latina. A capacidade de dirixirse directamente aos homes con este chamado, ademais da os Estados, provocando diálogos públicos e privados inusuais foi unha potente ferramenta.

Gustaríame terminar recuperando unha última folga, que é xa un clásico para as loitas feministas: a que tivo lugar en Islandia o 24 de outubro de 1975, un día enteiro no que o 90% das mulleres non foron ao traballo, non fixeron a compra, nin levaron aos nenos ao colexio, nin prepararon a cea, nin arraxaron a casa, nin atenderon a ninguén e saíron xuntas á rúa para reunirse nun evento político do que temos algunhas imaxes e un documento visual, *Women in Red Stockings*, dirixido por Kristín Einarsdóttir en 2009[8]. Non se convocou oficialmente como unha folga, senón como "un día libre".

As súas protagonistas explican o efecto que tivo nelas os movementos e accións feministas que se estendían co inicio da segunda onda e mencionan de maneira especial ás

Redstockings do Movemento pola Liberación das Mulleres de finais da década de 1960 en Estados Unidos, feministas radicais que encabezaron novas accións e teatros na rúa, ademais de grupos de autoconciencia, nos que denunciaban a situación das mulleres que abortaban, o uso comercial do corpo feminino e a supremacía masculina no traballo e en todo lado. Isto inspirou ás islandesas, que marcharon xuntas no primeiro de maio portando unha xigantesca venus baixo a mirada reprobatoria dos seus compañeiros, que interpretaron a figura como unha burla e trataron de expulsalas. En pouco tempo as Redstockings islandesas expandíronse reclamando escolas infantís, organizando publicacións, facendo teatro, denunciando as desigualdades salariais, organizando festivais en poboacións remotas, visibilizando o lesbianismo, defendendo o dereito sobre o propio corpo ou rexeitando as tarefas domésticas. As accións burlonas, como a crucifixión dunha ama de casa nunha árbore do Nadal ou a aparición dunha vaca con banda nun concurso de beleza, causaron balbordo, do mesmo xeito que a idea dunha folga. Ben, dixeron, se esta causa temor entre as mulleres... Convoquemos a un día libre.

E o día libre chegou e con el unha enorme parada, cancións, discursos e unha gran marcha que reuniu en Reikiavik a mulleres de distintas idades e condicións. Moitas empresas non puideron sacar o traballo adiante e os colexios pecharon posto que as profesoras eran maioritariamente mulleres, do mesmo xeito que sucedeu cos comercios e as fábricas de procesamento de peixe. Algúns homes levaron a fillos ao traballo e moitas mulleres foron coas súas fillas e fillos á marcha. A hostilidade e o apoio recibido nas accións das Redstockings tamén se deron na folga. Algunhas activistas din que os homes estaban entre perplexos e divertidos, non enfadados. Algúns non puideron impedir que as compañeiras saísen ante o risco de quedar mal, e outros arremeteron contra os que se quedaron en casa. "Pero, como deixas que a túa muller se poña a gritar dese modo desde a tarima? Eu nunca permitiría iso á miña muller?" "Xa, é que a miña muller xamais casaría cun tipo como ti".

Parece difícil imaxinar algo así sen as Redstockings e a desafiante enerxía acumulada. A cousa ía moito máis alá da equiparación salarial ou da repartición doméstica; ao visibilizar ás mulleres xuntas na praza cuestionábase o seu lugar e o dos homes na sociedade, á vez que se despregaba un cotián alegre e trastornado. A folga durou un único día, pero os seus efectos foron importantes, tanto nas disputas políticas do país como, novamente, nas que se desenvolven en cada casa. Tras esta e outras accións producíronse cambios lexislativos, especialmente no que toca aos coidados, e do mesmo xeito que en Liberia coas mulleres dos mercados, elixiuse a unha presidenta. Unha plataforma política feminina, Alianza de Mulleres, entrou en escena e con ela, como comentan algunhas activistas, a conversación desprazouse cara a terreos máis convencionais. Como sucede cando se institucionalizan o vigor e a creatividade social, adoptáronse novas linguaxes, e os balances non sempre resultan coincidentes.

Que nos din entón este cinco folgas para o presente? Que se ve desde o outro lado da folga? Son moitas as aprendizaxes destas e outro mil folgas inusuais só en aparencia, pero eu destacaría polo menos catro reflexións:

A primeira é que a folga pon de relevo a imbricación do que denominamos "produtivo" e "reprodutivo"; a interrupción revela o impostergable "alimentarse, descansar, resguardar"-, que cando se pon no centro, en lugar de ser un freo, é a potencia mesma da acción, que xa non é duns cantos senón de todo o conxunto. As mulleres, desde os seus "non lugares", entenderon este carácter comunitario da folga e desbordaron os marcos que reconduciron o conflito. Albiscamos, sequera por un tempo, o que significa pór a reprodución no centro, a folga xeral como folga comunitaria e a capaci-

dade política dos “dependentes” e “improdutivos” contra o sistema que os converte niso. Desocupar o lugar asignado significa ocuparse novamente xunto co resto desprazando a xerarquía entre o importante e o secundario.

Como segunda reflexión pódese sinalar a riqueza dos conflitos reprodutivos. Estes chamaron a atención sobre a violencia e a integridade do corpo, a extracción natural e humana, a sexualidade e a libre capacidade de procrear, a educación e o valor da voz das desherdadas, as alianzas fóra do común e a posibilidade de re-simbolizar o feminino, o masculino e o múltiple. Estas e outras folgas falan a distintos niveis, podendo conectar a cama, a casa, a praza, a cociña, a vereda, o rural e o urbano, o posto de traballo, a estrada, o mercado, a chacra, a escola... Todo se enfía, todo aparece interconectado, todo conta. Interrogar a intimidade pública, de abaixo a arriba, foi unha achega fundamental.

En terceiro lugar é importante entender o uso que se fixo do corpo, que nun fermoso paradoxo delata a fragilidade, desprotección e interdependencia, os límites éticos e o alento que o habita. Reverter silencio e invisibilidade, abxección e abuso, clasificación racial e sexual, expondo a integridade encarnada foi un elemento novo. O corpo sinalou un límite parando e con el revelou todo aquilo que o sostén. Como nos ensinan os feminismos indíxenas, non vale pelexar polo territorio, se o primeiro territorio que é o corpo resulta atropelado.

Finalmente, os traballos e a folga. Deterse, desactivar, desprazar, fuxirse e levar, interromper e obstruír. En moitos traballos isto carece de sentido e por iso moitas feministas viron na folga unha ferramenta nesgada ou propia de certos sectores[9]. A folga non é sempre o mellor instrumento, a folga non sempre vén soa e a folga non fala a todo o mundo por igual. A folga non é un momento, ten os seus propios preámbulos e é acompañada por distintos elementos. A pregunta “cal é a túa folga?” aproxímase ao problema, pero non acaba de resolvelo. O “día libre” mobilizou ás islandesas, deter o sexo axitou ás colombianas de Barbacoa e ás kenyanas que pelexaban contra a deforestación e o monocultivo, reclamar a rúa animou ás vendedoras comerciantes polo miúdo a facer folgas de fame en Bolivia.... Lonxe de facer da folga un fetiche é preciso interrogar a desafiliación respecto da repetición de orde inxusta, pero tamén a apropiación das condicións globais de vida. O que se ve do outro lado da folga social non remite a un modelo único, o da produción asalariada, senón a unha enorme capacidade para mover e apropiar a reprodución baixo lóxicas non capitalistas.

## REFERENCIAS:

[1] “Making a living”, Viewpoint Magazine. En: <https://www.viewpointmag.com/2015/10/28/making-a-living/>

[2] <https://www.youtube.com/watch?v=pa75V-tdBko> Advírtese que esta película non forma parte de moitos dos arquivos históricos “oficiais” acerca da folga.

[3] Susan Rosenthal recolle as experiencias de Dollinger nunha fantástica entrevista, “Striking Flint”, realizada en 1995. En: <https://www.marxists.org/history/etol/newspaper/amersocialist/genora.htm>

[4] <https://www.reseau-canope.fr/tdc/tous-les-numeros/les-combats-feministes/videos/article/les-prostituees-de-lyon-parlent-1975.html>

[5] Mathieu Lilian Monsieur (2001) “An unlikely mobilization : the occupation of Saint-Nizier church by the prostitutes of Lyon”, *Revue française de sociologie*, 42-1. pp. 107-131.

[6] [https://www.youtube.com/watch?v=\\_gRbrjYoQAO](https://www.youtube.com/watch?v=_gRbrjYoQAO) Entrevista a Dores Cacuango, Rolf Blomberg, 1969.

[7] [http://www.forkfilms.net/pray-the-devil-back-to-hell/#\\_about](http://www.forkfilms.net/pray-the-devil-back-to-hell/#_about) Entrevista con Gbowee <https://vimeo.com/128182384>

[8] <https://vimeo.com/141731463>

[9] Isto foi recentemente sinalado por compañeiras desde unha óptica decolonial <http://glefas.org/algunas-reflexiones-sobre-metodologias-feministas/>

# CINECLUBE DE COMPOSTELA

MAR  
2018

## ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)  
① [cineclubedecompostela.blogaliza.org](http://cineclubedecompostela.blogaliza.org)  
[facebook.com/cineclubedecompostela](https://facebook.com/cineclubedecompostela)  
@ [cineclubedecompostela@gmail.com](mailto:cineclubedecompostela@gmail.com)

## PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)  
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

## 7 DE MARZO

*Nacidas nas chamas*  
(Born in flames, Lizzie Borden, EUA, 1983, 80', VOSG)

Sesión especial previa á folga feminista

## 21 DE MARZO

*Rocío*  
(Rocío, Fernando Ruiz Vergara, Estado Español, 1980, 80', VO)

## 14 DE MARZO

*A guerra*  
(The War, James Benning, EUA/Rusia, 2012, 56', VOSG)